

## **CIRCULAR 100-2023.**

# **SUBVENCIONS A FEDERACIONES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

A través da Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva (código de procedemento DE402B).

Polo que a Federación Galega de Atletismo, informa do presente plan a todos os clubs interesados en adherirse ao citado plan a través da federación e a realización das actividades.

### **Resumo:**

O obxecto destas bases é establecer o réxime das axudas a federacións deportivas de Galicia, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Os obxectivos esenciais desta convocatoria son dar cumprimento ao Plan Corresponsables e, ademais, actuar directamente con programas e accións que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de 16 anos, incluídos.

### **Período de desenvolvemento:**


O período de desenvolvemento das actuacións subvencionables será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023.

### **Persoas beneficiarias**

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións as federacións deportivas de Galicia inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias destas subvencións as entidades en que concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Actuacións subvencionables e compatibilidade**

Subvencionaranse as actuacións de desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, habilitando servizos de



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, a adquisición de hábitos de vida saudable a través desta.

A Secretaría Xeral para o Deporte financiará os gastos ocasionados con motivo da habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, a través do desenvolvemento dos seus respectivos programas deportivos, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal

Máis información: <https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias/de402b-subvencions-federacions-para-o-desenvolvemento-do-plan-corresponsables>

Aqueles clubs interesados deberán achegar a súa solicitude a través da seguinte ligazón <https://forms.gle/AjfFpbAgwJaVGzYi8> ata o día 13 de xullo ás 20:00h. Será tido en conta a orde de solicitude.

A Coruña, a 11 de xullo de 2023

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo